



ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL RÚA AGRO DO MEDIO EN MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES. POS COMPLEMENTARIO 2017

Na Casa Consistorial de Ames sendo as doce horas e dezaseis minutos do día 11 de abril de 2018, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do procedemento aberto das obras de **“accesibilidade universal rúa Agro do Medio en Milladoiro”**.

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación

Secretario: Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores. Durante o prazo de presentación aberto para os licitadores, presentaron ofertas vinte e sete empresas.

A continuación procédese á apertura do sobre “A” nomeado “documentación administrativa” resultando o seguinte:

	EMPRESA	DECLARACIÓN RESPONSABLE	% SUBCONTRATACIÓN	DATOS DE CONTACTO	ÍNDICE DE DOCUMENTOS
1	EXCAVACIONES POSE SL	SI	15,22	SI	SI
2	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL	SI	24,11	SI	SI
3	ALCOMTE GALICIA SL	SI	15,7	SI	SI
4	COVIASSTEC SL	SI	9,06	SI	SI
5	NEMESIO ORDÓÑEZ SA	SI	8,19	SI	SI
6	ASFALGAL TÉCNICA VIARIAS SL	NO	28,72	SI	SI
7	MGM EDIFICACIÓN E INFRAESTRUCTURAS SL	SI	0	SI	SI
8	2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	SI	13,35	SI	SI
9	EXCAVACIONES MIDÓN SL	SI	10,93	SI	SI
10	SYR-AMG SLU	SI	0	SI	SI
11	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES SA	SI	0	SI	SI
12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI SL)	SI	0	SI	SI
13	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL-	EXCLUÍDA	EXCLUÍDA	EXCLUÍDA	EXCLUÍDA

	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, SL				
14	SONDESO PORZUNA SL	SI	0	SI	SI
15	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	SI	0	SI	SI
16	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	SI	0	SI	SI
17	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	SI	0	SI	SI
18	SERGONSA SERVICIOS SL	SI	25,72	SI	SI
19	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	SI	11	SI	SI
20	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	SI	8,27	SI	SI
21	AQUABLUÉ SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	SI	8,27	SI	SI
22	GROMA OBRAS SL	SI	0	SI	SI
23	GESTAL Y LÓPEZ SL	SI	0	SI	SI
24	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA SL)	SI	10,93	SI	SI
25	GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	SI	0	SI	SI
26	CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL	SI	18,5	SI	SI
27	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	SI	10,93	SI	SI
28	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	SI	0	SI	SI
29	CYS HISPANIA SL	SI	10,93	SI	SI
30	MECANO OBRAS Y REFORMAS SL	EXCLUÍDA	EXCLUÍDA	EXCLUÍDA	EXCLUÍDA
31	JUAN CARLOS ABILLEIRA SANMARTÍN SL	EXCLUÍDA	EXCLUÍDA	EXCLUÍDA	EXCLUÍDA



A mesa de contratación despois de estudar a documentación presentada no sobre A polas distintas empresas licitadoras advirte que algunha delas (concretamente ASFALGAL TÉCNICA VIARIAS SL) non presenta o modelo denominado “*declaración responsable*”, como así se estipula no apartado 12.1 do prego que serve de base para a licitación.

A continuación, e tendo en conta o anteriormente exposto, previa deliberación, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

1º.- Excluir da licitación á empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, por presentar fóra de prazo a súa proposición. A empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, remitiu fax o día 26 de febreiro de 2018 (derradeiro día para presentar a proposta neste procedemento) anunciando que enviaba a súa proposición por correo certificado. No anuncio publicado no BOP nº. 2, de data 3 de xaneiro de 2018, especificábase o seguinte: “Os licitadores poderán presentar as proposicións no Rexistro Xeral do Concello de Ames, **ata as 14:00 horas** dos 26 días naturais seguintes ó da derradeira publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil do contratante do Concello de Ames...”.

Segundo consta na documentación remitida pola empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, concretamente no certificado emitido por correos, a súa proposta para participar na licitación de arranxo de urbanización do PM5-03. O Milladoiro foi presentada ás **14:31:54 horas** do día 26/03/2018. Como se pode apreciar a hora de presentación supera a hora marcada como finalización do prazo concedido para concorrer á licitación de arranxo de urbanización do PM5-03. O Milladoiro.



2º.- Excluir da licitación á empresa JUAN CARLOS ABILLEIRA SANMARTÍN SL, por presentar fóra de prazo a súa proposición. A empresa JUAN CARLOS ABILLEIRA SANMARTÍN SL, remitiu fax o día 26 de febreiro

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)

concello@ames.concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925

de 2018 (derradeiro día para presentar a proposta neste procedemento) anunciando que enviaba a súa proposición por correo certificado. No anuncio publicado no BOP nº. 2, de data 3 de xaneiro de 2018, especificábase o seguinte: “Os licitadores poderán presentar as proposicións no Rexistro Xeral do Concello de Ames, **ata as 14:00 horas** dos 26 días naturais seguintes ó da derradeira publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil do contratante do Concello de Ames...”.

Segundo consta na documentación remitida pola empresa JUAN CARLOS ABILLEIRA SANMARTÍN SL, concretamente no certificado emitido por correos, a súa proposta para participar na licitación de arranxo de urbanización do PM5-03. O Milladoiro foi presentada ás **14:35:33 horas** do día 26/03/2018. Como se pode apreciar a hora de presentación supera a hora marcada como finalización do prazo concedido para concorrer á licitación de arranxo de urbanización do PM5-03. O Milladoiro.

3º.- Excluir da licitación á empresa UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL-EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, SL por presentar no sobre A (documentación administrativa) a documentación correspondente ó sobre C (oferta económica).

4º.- Dirixir escrito vía fax ou correo electrónico (segundo o medio elixido pola empresa licitadora) ás empresas que non presentan o modelo denominado “*declaración responsable*” concedéndolle un prazo de **5 días naturais** ós efectos de que acheguen ante a mesa de contratación a documentación requirida.

5º.- Unha vez sexa presentada, polas empresas, a documentación xustificativa requirida a mesa reunírase novamente para proceder á apertura dos sobres C que conteñen as ofertas económicas das empresas admitidas na licitación.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as doce horas e trinta e oito minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretario, certifico.

